

# SEMANA DOS MUSEOS 2018

## DÍA das LETRAS / NOITE dos MUSEOS / DÍA INTERNACIONAL dos MUSEOS na REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO



Os museos da Deputación de Lugo celebramos nesta semana o **Día das Letras Galegas** (17 de maio), o **Día Internacional dos Museos** (18 de maio) e a **Noite dos Museos** (19 de maio). O **Días das Letras** que a RAG dedica este ano a María Victoria Moreno, unha escritora, ademais de autora dunha obra literaria de mérito, exemplo de compromiso (sendo de orixe foránea) coa nosa lingua e cultura.

Nesta ocasión, o lema escollido polo ICOM para celebrar o próximo 18 de maio o **Día Internacional dos Museos**, "*Museos hiperconectados: enfoques novos, públicos novos*", convidanos a reflexionar sobre un futuro hiperconectado entre os museos e os nosos visitantes. Novos escenarios de comunicación que deben ser deseñados entrambos, institucións e usuarios, para ser útiles e atractivos ao máximo de poboación posible.

A **Noite dos Museos** desta volta dedicámola a poñer luz, a iluminar o cuarto escuro onde se arromban tantas veces as obras creadas por mulleres. Unha inxustiza que debemos denunciar e corrixir desde dentro dos museos pero tamén desde a sociedade, reivindicando esa igualdade na práctica e en todas as facetas do quefacer humano.

Son días de festa e de celebración pero tamén de chamada de atención, de autocrítica e de proxectos para un mañá que xa é hoxe.



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

# Museo Provincial de Lugo

## 17 DE MAIO: DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### Lingua de Paz

Este 17 de maio o Día das Letras Galegas dedícase a María Victoria Moreno, escritora estremeña de nacemento que mantivo con Galicia e co galego “unha historia de amor”.

A actividade, enmarcada nos proxectos “Palabreirxs” e o de “Paz é nome de muller”, consiste nunha acción simbólica. Trátase de crear un panel en branco, coas siluetas dos retratos de mulleres vencelladas aos museos da Rede para que cada visitante escriba unha palabra, en galego ou, en caso de ser de fóra, traducida coa nosa axuda. Os nomes das mulleres son dona María Paz Taboada, antiga propietaria, no Museo Pazo de Tor, dona Manuela Goñi, doante do edificio, no Museo Provincial do Mar e María Victoria Moreno, persoa á que se lle dedica este ano o Día das Letras, no Museo Provincial de Lugo e no Museo de San Paio de Narla. Usaremos para toda a campaña Instagram.

## 18 DE MAIO: DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

### Proxecto ‘Improntas’

Exposicións e obradoiros para todas as idades co obxectivo de divulgar o coñecemento de técnicas e a obra gráfica gravada e impresa dos fondos dos museos da Rede Museística. Realizaranse nos 4 museos.

**17:00h.**-Inauguración da mostra ‘Incisións’. Sala Multiusos do MPLugo

Carpeta que contén 26 gravados (fotogravados, augafortes, augatinta, punta seca...) da autoría de Mónica Alonso, Francisco Amat, Boente, Quique Bordell, Alejandro Carro, Santiago Catalán, Espiral, García-Gesto, Roberto González, Guerreiro, Honorio, Sara Lamas, Lomarti, Macía, Luis Moscardó, Senén Olano, Otero-Yglesias, Elena Pendás, Juan Miguel Prada, Xermán Refojo, M<sup>a</sup> José Santiso, Isabel Somoza, Bernardo Tejeda, Vázquez Cereijo, Vieiro e Ignacio López.

»**Obradoiro:** *Iniciación ao gravado. Estampación.*

Data: 18 de maio

Dirixido a Club Pequeamig@s (a partir de 8 anos)

Prazas: 15

Horario: de 16:30 a 18:00h.

Inscripción previa no museo.

»**Obradoiro:** *Taller de iniciación ao gravado. Estampación en seco*

Data: 18 de maio

Dirixido a adultos

Prazas: 15

Horario: de 18:30 a 20:00h.

Inscripción previa no museo.

## 19 DE MAIO: NOITE DOS MUSEOS

### »Iluminándoas

Un faladoiro, unha visita guiada e unha proxección para iluminar na “noite dos museos” as sombras que escurecen a obra das mulleres nos museos.

**-18:00h. Faladoiro para reflexionar sobre os discursos contradictorios e os arredor dos xéneros na arte.**

A continuación, acto de recepción das doazóns de obras das artistas **Carmen Porteiro** e **Violeta Bernardo**.

**19:30h.-Visita guiada a escuras**, a cargo de **Encarna Lago** e a narradora de historias **Carmen Conde**.

Percorrido por diferentes salas do MPLugo "iluminando" e comentando obras de mulleres. Esta visita continuarase no MFSPNarla a partir das 21:00h.

**21:30h.-Proxección na fachada principal do edificio do MPLugo.**

Proxectaránse obras de mulleres custodiadas no almacén do MPLugo e outras imaxes con obras femininas procedentes doutros museos hiperconectados cos museos da Rede Museística.

## **OBRADOIROS**

»**Obradoiro: Falar coas mans**

Obradoiro interxeracional dirixido a familias para traballar a perspectiva de xénero a través da expresión plástica. Os obxectivos son promover a igualdade de xénero, fomentar o empoderamento das mulleres e promover o pensamento crítico a través do diálogo.

Data: 19 de maio

Dirixido a parellas familiares (avós/avoas e netos/netas a partir de 6 anos)

Prazas: 15 parellas (adulto + neno/a).

Horario: de 18:00 a 19:30h.

Inscripción previa no museo onde se realice.

Este obradoiro foi seleccionado entre os vinte mellor valorados na Bienal Miradas de Mujeres 2018.

## **VISITAS GUIADAS**

»**Visitas express temáticas**

Visitas breves e guiadas, cun percorrido temático acoutado por diferentes salas e dependencias dos museos para coñecer aspectos concretos da nosa historia ou a obra de artistas de referencia.

Estas visitas realizaranse todos os días. Polas mañás, ás 12:00h. e pola strades, agás domingos e festivos, 19:30h.

As per5soas interesadas deberán presentarse na recepción do museo 5 minutos antes da hora de inicio. O número máximo de persoas por visita será de 15 e en caso de asistiren menores de idade deben ir na compañía dunha persoa adulta.

### **Tema 1: O mundo castrexo-romano no MPLugo**

En xuño celebramos o "Arde Lucus" así que **desde o 1 de maio ata o 30 de xuño** ímonos achegar ao mundo castrexo-romano

Todos os días, polas mañás, ás 12:00h. Duración aproximada: 30'

**Luns:** *Que sabemos da cultura dos castros e dos castrexos romanizados!*

**Martes:** *"Paulo Fabio Máximo. Legat Caesaris" A fundación de Lucus Augusti*

**Mércores:** *Lucus Augusti. Un campamento e unha cidade amurallada*

**Xoves:** *Aras, estelas, relevos e placas funerarias. Ritos mortuorios en Lucus Augusti*

**Venres:** *Mosaicos e esculturas romanas*

**Sábados:** *Numismática: ases, sextercios, denarios... e outras moedas*

**Domingos:** *Divindades indíxenas e romanas en Lucus Augusti*

## **Tema 2: Museos hiperconectados: Enfoques novos, Públicos novos**

O 18 de maio celebraremos, como cada ano, o Día Internacional dos Museos, nesta ocasión baixo o lema “Museos hiperconectados: Enfoques novos, Públicos novos”. Con esta proposta convidámoste a ‘conectar’ coas coleccións que alberga o MPLugo.

Todos os días, desde o 1 de maio ata o 30 de xuño polas tardes, ás 19:30h. Duración aproximada: 30’

**Luns:** *Colección Xoán Anllo. Arte Africana*

**Martes:** *Sala Sargadelos*

**Mércores:** Hiperconectamos coa exposición ‘*De Picasso a Kapoor*’ (do 2 de maio ao 20 de xuño).

**Xoves:** *Gravados e debuxos no MPLugo*

**Venres:** Conectamos coa exposición ‘*Seoane*’ (Sala Pazo de San Marcos: do 19 de abril ao 30 de xuño)

**Sábados:** Hiperconectamos coa exposición ‘*De Picasso a Kapoor*’ (do 2 de maio ao 20 de xuño).

**Domingos:** Conectamos coa exposición ‘*Roberto González*’ (MPLugo: a partir do 7 de xuño)

### **»Visitas escolares á exposición *De Picasso a Kapoor. Obra gráfica e Múltiple Contemporáneos.***

Estas visitas, de 30 minutos de duración, van dirixidas a grupos non superiores a 30 alumnos/as, e atenderanse todos os días, de luns a venres, entre as 9:00 e as 11:00h. (pases ás 09:00, 09:30, 10:00, 10:30) e entre as 13:00 e as 14:00h. (pases ás 13:00 e 13:30h.).

É imprescindible a concertación previa, para o que se deben poñer en contacto co departamento de Didáctica do MPLugo a través dos teléfonos 982 24 21 12 e 982 24 23 00.

### **»Visitas guiadas en Instagram á exposición *De Picasso a Kapoor. Obra gráfica e Múltiple Contemporáneos.***

Estas visitas, de dous minutos de duración, serán subidas á nosa conta en Instagram os días 17, 18 e 19 de maio, entre as 10:30 e as 11:00h.

## **OUTRAS ACTIVIDADES**

**Exposición:** *De Picasso a Kapoor. Obra gráfica e Múltiple Contemporáneos.*

Sala de Exposicións do MPLugo (do 24 de abril ao 20 de xuño).

**Exposición:** *Luis Seoane. Deseño e diferenza.* Sala Pazo de San Marcos (do 19 de abril ao 30 de xuño).

**Museo Provincial de Lugo:** 982 24 23 00 / 982 24 21 12

**Xerencia da Rede Museística:** 699 836 883

[xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO